

DECRETO

EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONS, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO VISTA FACTURA PRESENTADA POLA MERCANTIL "MOMA TALLER DE ARQUITECTURA, S.L.", RELATIVA AO 86% DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REPARACIÓNS DE PATOLOXÍAS NO NOVO AUDITORIO ACEA DE OLGA".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 53-2023, por un importe total de 18.029,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico vista factura número 2 do 09.10.2023 presentada pola mercantil Moma Taller de Arquitectura, S.L., por importe de 15.504,94 €, relativa ao 86% dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "REPARACIÓNS DE PATOLOXÍAS NO NOVO AUDITORIO ACEA DE OLGA", sendo o importe total do contrato 18.029,00 €, gasto que non foi incluído no expediente de incorporación de remanentes de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/1970, de data 05.12.2023, así como o RCMOD núm: 2023/84862, de data 4.12.2023, por importe de 18.029,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbese o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 18.029,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
93301.22102	18.029,00	93301.62700	22RT00001	18.029,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	18.029,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		18.029,00 €

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (FECHA: 2023-12-11 10:35:03.00)

CVD: 7iBrJZi+Vc/z2XS9RnI

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 11146/2023

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac826484934137096162.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 53-2023 Moma Arquitectura

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.